

**ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES  
DE  
ALLARIZ**

**ESTATUTOS**

---

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPLEO E RELACIONES LABORAIS  
UNIDADE DE MEDIACIÓN, ARBITRAJE E  
CONVENCIONADO DE DEPOSITO DE ESTATUTOS  
FOLIO .....  
OURENSE  
PRESENTACIÓN  
22 de Maio de 2005

## CAPÍTULO I

### DA DENOMINACIÓN, DOMICILIO, PERSONALIDADES, FINS, ÁMBITO E DURACIÓN DA ASOCIACIÓN.

**Art. 1º.-** Co nome de “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE ALLARIZ” constitúese esta Asociación de Comerciantes e Empresarios en Ourense, por tempo indefinido e con plena autonomía, personalidade xurídica e capacidade de obrar ó abeiro da Lei 19/1977 de 1 de abril, da cal o réxime xurídico se determina nestes Estatutos.

**Art. 2º.-** A Asociación fixa como domicilio social: Praza de Santo Estevo s/n 1º, 32660 Allariz, podendo non obstante a Xunta Directiva modificalo e trasladalo. Comunicando esta circunstancia ó órgano competente.

A representación das empresas na Asociación será ostentada polo propio empresario, polo seu representante legal ou persoa con poderes dabondo para poder subscribir os acordos que se tomen no seo da mesma.

**Art. 3º.-** Dende o momento da aprobación dos seus Estatutos e posterioro depósito na oficina pública establecida ó efecto, a Asociación adquirirá personalidade xurídica plena e capacidade de obrar. Neste sentido poderá adquirir e ter posesión de bens de tódalas clases, así como contraer obrigas e exercitar toda clase de accións conforme ás leis e os Estatutos.

**Art. 4º.-** Serán obxecto desta Asociación a representación, xestión, defensa e fomento dos intereses profesionais comúns ós seus membros á marxe de calquera tipo de connotación política ou partidaria. Ó obxecto de cumprir estes fins a Asociación poderá:

- a) Actuar en defensa dos intereses profesionais dos Asociados ante calquera instancia, pública ou privada.
- b) Establecer servizos comúns de carácter técnico, informativo, xurídico, económico, social e de calquera outra índole.
- c) Atender as necesidades de información, formación e perfeccionamento dos comerciantes, estudando e divulgando cantos temas sexan de interese para os obxectivos da Asociación.
- d) Interesar da autoridades competentes toda clase de axudas e subvención para a mellora das rúas e da infraestrutura urbana e comercial da zona.
- e) Impulsar e desenvolver iniciativas publicitarias para dar a coñecer os establecementos comerciais da zona ós consumidores.
- f) Organizar campañas e promocións comerciais conxuntas.
- g) Federarse con outras Asociación desta Vila ou doutros ámbitos territoriais, que persigan os mesmos fins, requeriéndose a tal efecto o acordo favorable da Asemblea Xeral por maioría do dous tercios.

- h) Tomar todas aquelas iniciativas que dentro do marco da lexislación vixente poidan repercutir ó logro dos fins perseguidos.
- i) Manter a imaxe pública e o prestixio da actividade profesional en xeral, saíndo ó paso das informacións, artigos e comentarios dos medios de comunicación que poidan prexudicala.
- j) Establecer, desenrolar e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalía, velez, muller, minorías étnicas, así como calquer outra problemática de marxinación social.
- k) Organizar actividades e servizos de carácter formativo, asistencia técnica, para o mellor desenrolo dos seus propios fins en beneficio dos seus asociados.
- l) Promover a formación profesional
- m) Todas cantas función de análoga natureza se consideren necesarias para o cumprimento dos seus fins e para a defensa dos intereses lexítimos dos seus membros.

**Art.5º.-** O ámbito profesional desta Asociación circunscríbese ás persoas físicas ou xurídicas que teñan aberto un establecemento comercial de calquera natureza, rama ou actividade, incluídos os do ramo da hostelería.

O ámbito territorial comprende o termo municipal de Allariz.

A ampliación deste ámbito territorial requirirá o acordo favorable da Asemblea xeral por maioría de dous tercios.

**Art. 6º.-** A Asociación ten unha duración indefinida.

## CAPÍTULO II

### **DOS ASOCIADOS: REQUISITOS PARA A ADQUISICIÓN E PERDA DE TAL CONDICIÓN. DEREITOS E DEBERES.**





**Art. 7º.-** Os socios dividiranse en dúas clases: numerarios e protectores.

- a) Serán socios numerarios con plenitude dos dereitos recoñecidos nos presentes Estatutos. Todas aquelas persoas físicas ou xurídicas adicadas ó Comercio, comprendidas nos ámbitos profesionais e territoriais delimitados, que voluntariamente se adscriban se sexan aceptadas pola Xunta Directiva.
- b) Serán socios protectores aqueles que, sen ter establecemento comercial aberto, se solidaricen cos fins da Asociación e que se adscriban voluntariamente, sempre que fosen admitidos pola Xunta Directiva.

2

PRESENTACION
Día 2 Mes 01 Año 05



- 
- 
- 
- 
- c) A perda da condición de titular dun establecemento comercial aberto.
- d) Por falta de pago da cuota nun tempo superior a 3 meses despois de pasar o recibo ó cobro.
- e) Por acordo motivado da Xunta Directiva, con audiencia do interesado, como consecuencia do quebrantamento dos fins da Asociación, reiterada obstrución a ditos fins ou ós acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

**Art. 12º.-** Os socios que fosen persoas xurídicas exercerán os seus dereitos mediante os seus representantes legais.

**Art. 13º.-** As sancións que se poderán impoñer ós membros da Asociación por incumplimento dos seus deberes, poderán ser: apercibimento, suspensión temporal e baixa, que se aplicarán pola Xunta Directiva atendendo en cada caso á gravidade ou circunstancias da falta, previa incoación do expediente, que en unión da resolución será elevado á Asemblea Xeral para que esta se pronuncie sobre o súa ratificación.

### CAPÍTULO III


#### DA ORGANIZACIÓN DA ASOCIACIÓN

**Art. 14º.-** Son órganos da Asociación a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva. Poderán tamén crearse comisións para asuntos específicos.

**Art. 15º.-** A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación. Estará integrado por tódolos socios que se encotren no pleno disfrute dos seus dereitos sociais.

Como tal correspóndelle decidir sobre calquera asunto que afecte a esta e especialment sobre:

- 1.- Os programas e plans de actuación da Asociación.
- 2.- O establecemento de cuotas ordinarias e extraordinarias.
- 3.- A aprobación dos Orzamentos xerais ordinarios e extraordinarios.
- 4.- A aprobación da Memoria de actividades e rendición de contas que anualmente se faga de cada exercicio precedente, así como a xestión dos órganos colexiados ou persoais de dirección.
- 5.- As modificacións dos presentes Estatutos.
- 6.- A aprobación dos regulamentos que desenvolvan os presentes Estatutos.
- 7.- A elección da Xunta Directiva.
- 8.- A disolución da Asociación.





5.- Acordar a baixa na Asociación dalgún dos seus membros por sanción imposta de acordo co disposto no artigo 11 destes Estatutos.

**Art. 20º.-** Todo membro da Asamblea pode delegar por escrito a súa representación e dereito á voto noutro asociado ou representación legalmente constituída.

**Art. 21º.-** A Asemblea Xeral pderá delegar, agás nos casos 1, 2, 3 e 4 do Art. 19, todas ou parte das súas función nos Órganos de Goberno da Asociación.

**Art. 22º.-** A Xunta Directiva componse de un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un número de vocais cun mínimo de cinco, procurando sempre que estean representados tódolos sectores.

**Art. 23º.-** Son funcións da Xunta Directiva:

- 1.- Asistir directamente á Presidencia en tódolos asuntos propios do Goberno e Dirección da Asociación.
- 2.- Promover e orientar as actividades dos órganos da Asociación en orde ó logro dos fins sociais.
- 3.- Preparar os orzamentos ordinarios e extraordinarios.
- 4.- Propoñer á Asemblea Xeral a aprobación do establecemento do cuotas.
- 5.- Inspeccionar a Contabilidade e, en xeral, canto se refira á mecánica de cobros e pagamentos da Asociación
- 6.- Adoptar acordos relacionados coa interposición da toda clase de recursos.
- 7.- Coñecer, informar e dirixir o labor realizado polas Comisións de Traballo que se poidan establecer.
- 8.- En caso de urxencia, poderá realizar cantos actos ou acordos sexan precisos para a defensa dos intereses da Asociación, dando conta, na primeira reunión que houbese, á Asemblea Xeral.
- 9.- Constituir a Mesa na reunión da Asemblea Xeral.
- 10.-En xeral, exercitará cantas facultades lle fosen delegadas pola Asemblea Xeral.

**Art. 24º.-** Para que quede validamente constituída a Xunta Directiva, será necesaria a presenza da metade máis un dos seus membros.

**Art. 25º.-** Os acordos da Xunta Directiva serán adoptados por maioría simple dos asistentes.

**Art. 26º.-** O Presidente da Asociación é o da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral ou de calquera outro órgano colexiado establecido nestes Estatutos ou que se puidesen crear no futuro.

Stamp and signature area with handwritten text:

Folio 6

21 Mes 01 Ano 05

**Art. 27º.-** Son atribucións do Presidente:

- 1) Presidir a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e calquera outro órgano de goberno da Asociación.
- 2) Dirixir os debates e a orde das reunións así como executar os acordos adoptados.
- 3) Representar á Asociación ante o Estado, o Goberno e a súa Administración, a calquera nivel, ante calquera entidade pública ou privada e, en xeral, ante terceiros, podendo outorgar e realizar toda clase de actos, contratos e poderes, previo acordo do órgano de goberno con facultades para conferilos.
- 4) Ordenar os gastos e autorizar os pagos, podendo, na medida que o estime pertinente, delegar estas funcións no Secretario-Tesoureiro.
- 5) Coordinar as actividades dos distintos órganos de goberno da Asociación. Estas facultades poderanas delegar, na medida que o considere conveniente, no Vicepresidente ou noutros membros da Xunta Directiva.
- 6) Calquera outra que lle fose especificamente atribuída pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva


**Art. 28º.-** O Vicepresidente auxiliará e, no seu caso, substituirá ó Presidente nos casos en que este delegue nel as súas funcións ou en ausencia dos mesmo.


**Art. 29º.-** O Secretario:


- 1) É a persoa permanente encargada da execución e xestión dos asuntos da Asociación, baixo o control e dirección dos seus órganos de goberno.
- 2) Realizará tódalas funcións de secretaría dos órganos colexiados da Asociación. En caso de ausencia, será substituído polo membro da Xunta Directiva que esta designe.

**Art. 30º.-** Son funcións do Secretario:

- 1) Velar para que na Asociación se respecte a legalidade, axustando as súas actuacións ás normas vixentes en cada caso e momento.
- 2) Actuar como Federatario das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva e demais órganos colexiados de goberno, levantando acta das mesmas que, co visto e praxe do Presidente, autorizará coa súa firma e sendo responsable da custodia destas.
- 3) Colaborar directamente co Presidente cando por el fose requerido.
- 4) Trasladar ós afiliados os acordos adoptados, segundo a súa natureza.



- 
- 5) Propoñer á Xunta Directiva o nomeamento e remoción de todo o persoal da Asociación.
  - 6) Expedir copias e certificados co visto e praxe do Presidente, en relación co asuntos ou libros a el confiados
  - 7) Ocuparse do despacho da correspondencia e asuntos xerais da Asociación.
  - 8) Exercer cantas funcións lle fosen delegadas pola Presidencia ou órganos de goberno colexiados.
  - 9) Manter actualizado o Libro-Rexistro dos Asociados.




**Art. 31º.-** O Tesoureiros será o encargado do control das finanzas da Asociación, tomando a debida nota do seu movemento nos libros contables e visándoos convenientemente.

A título enumerativo, as súas funcións serán as seguintes:

- a) Ter ó seu cargo a custodia e responsabilidade dos fondos sociais, e o libro ou libros talonarios de contas correntes, así como os comprobantes correspondentes á contabilidade de cada exercicio en curso.
- b) Asinar os oportunos cheques para o movemento de cantidades das contas correntes, ademais da sinatura do Presidente.
- c) Liquidar mensualmente os ingresos e os gastos sociais.
- d) Levar un libro de Tesourería e os auxiliares que se consideren oportunos, no que conste a entrada e saída de fondos con atribucións ás contas que correspondan.
- e) Presentar un Balance de caixa ó final do exercicio (que estará a disposición de calquera asociado que o solicite) dos gastos e ingresos habidos coa documentación necesaria.

Para a entrega de fondos e facultades ó sucesor no cargo, formalizarase unha acta , na que constará o numerario, documentos, comprobantes e libros que son obxecto de transferencia, e que refrendarán coa súa presenza e firma os Presidentes, Vicepresidentes e Secretarios entrantes e saíntes, se houberse renovación, ou cos que continuasen, no caso de que a mesma non existise, sempre por duplicado.

**Art. 32º.-** A Xunta Directiva poderá determinar a constitución de Comisión de Traballo, así como a finalidade das mesmas. Ditas Comisións formaranse por membros de pleno dereito da Asociación e coordinaranse a través da Secretaría da Asociación, dependendo funcionalmente da Presidencia. O Presidente de cada Comisión será elixido polos membros da mesma e entre eles.



**Art. 33°.-** Os cargos directivos da Asociación cesarán:

- a) A petición propia.
- b) Por acordo da Asemblea Xeral, adoptado conforme ó establecido nos Estatutos.
- c) Por termo do seu mandato.
- d) Por perda da condición de socio.

## CAPÍTULO IV

### RÉXIME ELECTORAL

**Art. 34°.-** Tódolos cargos directivos da Asociación serán elixidos mediante sufraxio universal, libre e secreto. O seu mandato electoral, que é revocable, terá unha duración de tres anos.

**Art. 35°.-** Cunha anticipación de, alo menos, 30 día naturais ó acto de elección, a Xunta Directiva dará coñecemento da convocatoria xeral a tódolos membros, indicando os cargos a cubrir para que os asociados poidan presentar as candidaturas que desexen na forma en que se determine nas normas electorais elaboradas ó respecto.

**Art. 36°.-** A Mesa Electoral estará constituída polo Secretario e os Vocais designados na Asemblea Xeral de maior e menor idade.

## CAPÍTULO V

### DO RÉXIME ECONÓMICO

**Art. 37°.-** A Asociación administrará con plena independencia os seus recursos económicos, que quedarán integrados por todos aqueles medios de financiamento ós que en razón da súa específica natureza e fins poida ter acceso.

Así mesmo, contará coas aportacións ordinarias ou extraordinarias que poida aprobar a Asemblea Xeral e na contía que esta determine.

Para cada exercicio económico, a Xunta Directiva elaborará o orzamento de ingresos e gastos que seá sometido á aprobación da Asemblea Xeral.

A Asociación administrará os seus recursos cumprindo as obrigas contraídas, levando a súa contabilidade axustada ás normas xerais vixentes. Os seus exercicios económicos serán anuais e coincidirán co ano natural.

A Memoria, Balance e Liquidación do Orzamento do exercicio precedente, da que a aprobación corresponde á Asemblea, serán expostos con 15 días de antelación á data da convocatoria, a disposición dos asociados.

Folleo 9

21 de 01 de 05

